- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.

Contidos

- Procesos: produción escrita
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.

Contidos

- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios.
- Identificación de recursos literarios.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestándolle especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.

Contidos

- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Áreas de Lingua e Literatura Castelá e Lingua e Literatura Galega:

As áreas de Lingua e Literatura Castelá e Galega teñen un carácter esencialmente instrumental e están presentes tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. Son a nosa ferramenta indispensable de comunicación e de transmisión de coñecementos, e por tal motivo teñen un carácter esencialmente social. Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no sexto curso:

-Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

-Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Desta maneira irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

-Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en parella ou en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia... que potencian o desenvolvemento da lingua. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.

-Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, proporcionaremos tarefas e ensinanzas a aquelas alumnas e alumnos que así o necesiten en función das súas capacidades e necesidades.

-Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros... Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

-Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa. Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas nove unidades didácticas propostas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles. Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, dedicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado. Así mesmo será importante o tempo dedicado á interpretación de documentos útiles para a vida: instrucións, resumos, cartas ... O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, recollido no proxecto lector do centro. A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá tamén un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC.

Área de Ciencias Sociais:

A realización de diversas tarefas e actividades de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado. A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas. O traballo individual, en parellas ou en equipo serán opcións empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

A metodoloxía do ámbito será, pois, activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes. Así mesmo realizarase un enfoque baseado na educación emocional mediante o traballo semanal coa **CAIXA DE MENSAXES POSITIVAS E ABRAZOS**. Con esta actividade preténdese que o alumnado escolla primeiro unha mensaxe favorable para unha persoa da clase, argumentando o motivo da mesma, e logo identifique catro calidades positivas que posúa ela mesma/el mesmo e poida recibir así, se quere, unha recompensa da “Caixa de Abrazos”. Favoreceremos, desta maneira, a creación dunha imaxe positiva de si mesma/o e das e dos demais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátil da aula e PDI.
Portátiles convertibles do alumnado.
Espazo EVA Abalar cos recursos dispoñibles e elaborados.
Medios audiovisuais e informáticos.
Materiais impresos.
Materiais específicos das áreas do ámbito.
Materiais de traballo do alumnado.
Materiais da docente.

Equipo dixital do alumnado, que será unha ferramenta de traballo importante, complementada cun caderno para a realización de anotacións, exercicios, esquemas... e material fotocopiado, o cal será gardado nun archivador. A aula estará organizada en seis equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral segundo as actividades programadas.

A plataforma EVA Edixgal facilitará a comunicación docente/alumnado nas asignacións de certas tarefas, e servirá tamén para realizar a avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula do ámbito sociolingüístico serán empregados cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado que xa se traballou co alumnado no curso pasado, xa se dispón de datos concretos sobre cada alumna e alumno. Porén, nas primeiras semanas do curso, realizarase unha avaliación inicial das materias do ámbito.

Avaliación inicial de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura:

-Entrevistas co alumnado para observar o nivel de comprensión e de expresión oral.

-Lectura en voz alta para verificar a fluidez, ritmo, entoación, expresividade e volume. Realización de preguntas sobre o lido para comprobar a comprensión escrita.

-Elaboración dun texto manuscrito en castelán e outro en galego para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía (poden escoller entre as seguintes opcións para os seus textos: “As súas vacacións de verán” / “Algún aspecto destacado relacionado coa actualidade informativa acontecido durante o período estival” / “Unha persoa á que se admire” / “Un conto de temática libre”).

Avaliación inicial Ciencias Sociais:

-Observación sistemática: realización dun proxecto de repaso de aspectos do curso anterior. Neste proxecto realizaranse investigacións individuais, en parella e en pequeno grupo. Observarase o grao de implicación de cada alumna e alumno no mesmo e do que lembra do xa traballado, ademais do que é capaz de ampliar grazas á

investigación.

Tendo en conta esta avaliación inicial das tres materias que conforman o ámbito sociolingüístico e valorando as características que presenta o alumnado ao chegar ao novo curso, definirase o punto de partida para a concreción das nove unidades didácticas integradas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	11	11	12	11	11	11	11	100
Proba escrita	28	16	6	30	16	6	28	8	6	16
Táboa de indicadores	72	84	94	70	84	94	72	92	94	84

Criterios de cualificación:

En cada trimestre traballarase tres unidades didácticas, tendo un total de nove unidades para o curso académico.

En cada unidade didáctica de cada un dos trimestres realizaranse unha serie de probas escritas relacionadas con aspectos traballados nas materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Ciencias Sociais:

-Na unidade didáctica 1 realizarase unha proba escrita sobre a biografía lingüística de Galicia e outra sobre a biografía lingüística de España.

-Nas unidades didácticas 1, 4 e 7 farase unha proba escrita para amosar a comprensión lectora en galego e outra en castelán. Así mesmo, realizarase unha proba escrita relacionada coas temáticas traballadas na materia de Ciencias Sociais.

-Na unidades didácticas 2, 5 e 8 farase unha proba escrita para comprobar a adquisición de aspectos ortográficos e/ou gramaticais, tanto en galego como en castelán. Realizarase tamén, unha proba escrita relacionada coas temáticas traballadas na materia de Ciencias Sociais.

-Na unidade didáctica 8 farase unha proba escrita sobre as diferenzas entre os xéneros literarios e os recursos literarios en galego e outra en castelán.

-Nas unidades didácticas 3, 6 e 9 farase unha proba escrita sobre o vocabulario traballado no ámbito ao longo de cada trimestre, tanto en galego como en castelán. Así mesmo, realizarase unha proba escrita relacionada coas temáticas traballadas na materia de Ciencias Sociais.

A media resultante das probas escritas realizadas nas tres unidades didácticas supón un valor dun 40% da nota das materias do ámbito de cada avaliación.

Ao rematar as tres unidades didácticas de cada trimestre, empregarase unha táboa de indicadores que integrará aspectos das tres materias do ámbito e que será a mesma nas tres avaliacións. A táboa de indicadores ten un valor dun 60% da nota das materias do ámbito en cada trimestre.

A nota resultante (tanto nas probas escritas, como na táboa de indicadores e nas medias obtidas), de ter algún número decimal, será só o das décimas. De obterse números con centésimas, aplicaremos as seguintes equivalencias:

-1,2,3,4 centésimas: o número queda coa décima igual (por exemplo: 5,24=5,2).

-5,6,7,8,9 centésimas: engadiríamos 1 décima (por exemplo: 7,25=7,3).

Sumarase a nota obtida do 40% das probas escritas e a nota resultante do 60% da táboa de indicadores de cada trimestre. A nota media obtida neste proceso será a nota que aparecerá no boletín de cualificacións para cada avaliación e será a mesma para as tres materias. Esta media ten que ser un número enteiro. No caso de que a media resultase ser un número decimal, aplicaremos as seguintes equivalencias:

-1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 7,4=7).

-5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro engádeselle 1 unidade (por exemplo: 8,5=9).

A nota da avaliación final será a media aritmética das notas obtidas no primeiro, segundo e terceiro trimestre (sumarase as tres cualificacións e dividirase o resultado entre 3). No suposto de que á hora de calcular a nota desta avaliación se obteña un número decimal, aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

-1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,4=6).

-5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro engádeselle 1 unidade (por exemplo: 5,6=6).

Criterios de recuperación:

Tendo en conta as características cíclicas e progresivas das materias de Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas e probas do curso. Nestas materias sempre se están traballando aspectos de comprensión e expresión oral e de comprensión e expresión escrita, ademais de ir afianzando aspectos ortográficos, morfolóxicos e sintácticos que se traballan durante todo o curso, polo que de observarse que o alumnado é capaz de superar dificultades anteriores, constitúe un indicativo da súa melloría. No relativo á materia de Ciencias Sociais, nas probas escritas realizaríanse algunhas cuestións relacionadas co trimestre suspenso. Ademais, hai que ter en conta que o 60% da nota de cada avaliación nas materias do ámbito corresponde á nota acadada na escala de observación destas materias, polo que, de mellorarse a nota neste aspecto, xa suporía un paso moi importante de vistas á recuperación. É aconsellable contar coa colaboración da familia para dispor dun horario extra na casa e poder reforzar aspectos básicos das materias obxecto de recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos. Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta a dispoñibilidade de profesorado a maiores da mestra do ámbito, entendendo que dende a Xefatura de Estudos se poidan asignar horas de apoio doutro profesorado. Esta dispoñibilidade vén definida polas necesidades existentes en cada grupo. Contando con horario dispoñible, este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades as alumnas e os alumnos que así o evidenciaron na avaliación. Así mesmo, aquel alumnado que requira de enriquecemento curricular haberá que proporcionarlle os medios para que poida desenvolverse axeitadamente.

Será preciso ter en conta que, ademais de alumnado que conte cun nivel acorde ao currículo establecido para o curso, pode darse o caso de que haxa alumnado con necesidades de reforzo educativo ou de altas capacidades. Para estes dous últimos casos procurárase adaptar as actividades da clase:

****Realización de actividades para o desenvolvemento da competencia lingüística a través de actividades multinivel e cun enfoque multidisciplinar:**

-Actividades de expresión oral: exposicións orais sobre temáticas guiadas ou libres nas que é posible expoñer as súas ideas de maneira básica, aínda que planificada, ordenada e coherente. //- Actividades de expresión oral: exposicións orais sobre temáticas guiadas ou libres nas que é posible profundar, enriquecer e ampliar de acordo ás súas necesidades e intereses para acadar unha comunicación fluída e espontánea cun amplo repertorio lingüístico, podendo expoñer as súas ideas de maneira planificada e sistemática.

-Actividades de expresión escrita nas que se empregue un vocabulario básico para a súa idade, haxa un uso correcto das regras ortográficas e gramaticais e unha información ordenada, coherente e cohesionada de acordo ás súas capacidades. //- Actividades de expresión escrita, tales como autobiografías, biografías, resumos, recensións, contos, descrições, poemas, cartas, escritura creativa a partir de imaxes, entrevistas, noticias... nas que se empregue un vocabulario rico e variado, un uso correcto das regras ortográficas e gramaticais e unha información ordenada, coherente e cohesionada. Todo isto conseguirase tras un proceso de reflexión e planificación previo e dun afondamento no coñecemento das linguas traballadas, desenvolvendo, ademais, a creatividade nos seus escritos. A actividade permite o enriquecemento en calquera dos aspectos contemplados e fomentar maiores niveis de realización.

-Actividades de comprensión oral mediante preguntas sobre as temáticas traballadas, empregando un léxico básico para a súa idade, expresando a información coas súas propias palabras, de maneira organizada, con coherencia e continuidade. //- Actividades de comprensión oral mediante preguntas sobre as temáticas traballadas, empregando un léxico amplo e un discurso fluído, expresando a información coas súas propias palabras, de maneira organizada, con coherencia e continuidade. Todo isto supón un proceso complexo de afondamento nas linguas empregadas e de discernimento entre as similitudes e diferenzas entre as mesmas. Esta actividade tamén permite a adaptación a diversos niveis de capacidade do alumnado, podendo enriquecerse no ámbito de vocabulario, na esquematización do comprendido, na fluidez, nas fórmulas creativas de planificación, etc.

-Actividades de comprensión lectora para amosar a interpretación do discurso escrito. //- Actividades de comprensión lectora para amosar a interpretación do discurso escrito, nas que non só se realizan preguntas directas, senón tamén indirectas e de opción múltiple, de asociación de ideas presentes no texto en cuestión con outras traballadas ou

coñecidas previamente, podendo realizar anotacións á marxe coa finalidade de resumir os aspectos máis importantes, facer aclaracións, escribir sinónimos ou antónimos ou para anotar cal é o tema principal de cada parágrafo empregando un vocabulario variado e con paráfrases, profundando e enriquecendo aspectos do texto, ampliando datos na mesma liña do tratado nos textos, ampliando datos en liñas alternativas ao texto, etc.

****Uso das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto nas materias lingüísticas como nas Ciencias Sociais, como fonte de información e investigación, ferramenta de comunicación e acceso a áreas de coñecemento axeitadas as súas posibilidades. // -Uso das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto nas materias lingüísticas como nas Ciencias Sociais, como fonte de información e investigación, ferramenta de comunicación, acceso a áreas de coñecemento específicas e especializadas, emprego de aplicacións variadas e para profundar nun coñecemento e uso das linguas cada vez máis amplo e complexo e de afondamento en aspectos relacionados coas Ciencias Sociais. O acceso a múltiples recursos en rede permite que poida ampliar ou buscar información de acordo cos seus intereses e nivel de comprensión.**

****Emprego de metodoloxías interactivas e cooperativas en grupo heteroxéneos nos que haxa un ambiente de confianza, compromiso, coordinación e comunicación axeitada, contribuíndo ao desenvolvemento da imaxinación e da creatividade, ademais da adquisición de estratexias adecuadas para a xestión de conflitos no grupo, a socialización, a atención á diversidade e a titorización entre iguais, favorecendo desta maneira unha aula inclusiva:**

-Elaboración de traballos en equipo sobre temáticas guiadas nas que o nivel de investigación é variable de acordo ás capacidades, necesidades e intereses propios e diversificados, desenvolvendo así a súa intelixencia emocional nun ambiente de traballo agradable no que exista o diálogo e a aceptación de diferentes puntos de vista, tendo en conta un enfoque interdisciplinar.

-Uso da dinámica de “Lapis ao centro” para a realización de retos en pequeno grupo co obxectivo de asegurar unha participación solidaria e equitativa das súas e dos seus compoñentes, na que todas as persoas membro aprenden os contidos propostos ata o máximo das súas posibilidades e axudándose mutuamente.

-Traballos en parella para a realización de actividades diversas, tanto en soporte papel como dixital e interactivas, coa finalidade de fomentar a solidariedade, aumentar a empatía e reforzar os vínculos sociais e a titorización entre iguais.

****Realización de traballos persoais de investigación:**

-Realización de traballos persoais de reforzo, investigación e ampliación, (traballos que permiten niveis variados de profundamento) logo dun proceso de planificación (exhaustiva*), (sistematización*), revisión e autocorrección:

-Traballos individuais de investigación guiados e ligados á súa realidade, espertando a súa curiosidade por profundar de acordo ás súas capacidades e intereses.

-Traballos individuais de reforzo ou de ampliación voluntarios sobre temáticas destas materias que resulten interesantes, facilitando a súa alfabetización mediática e informacional, promovendo a creatividade, desenvolvendo a súa autonomía e fomentando o seu espírito autocrítico.

****Elaboración de esquemas significativos, diversos e a niveis variados de complexidade para o resumo das ideas fundamentais dos aspectos traballos, de maneira gráfica ou visual, insistindo na claridade da materia do estudo, amosando a información ordenada, sintetizada e xerarquizada. Todo isto precisa dun proceso de afondamento previo (variable segundo as características do alumnado) e dunha planificación minuciosa.**

****Reforzo educativo do profesorado de apoio en aula (PT, AL, PROA+). // -Reforzo educativo do profesorado de apoio en aula (PT, AL, PROA+) que non só está para a atención ao alumnado con dificultades específicas, senón tamén para alumnado que precise de ampliación e enriquecemento, proporcionando axuda na adaptación do nivel de dificultade da actividade e na aplicación ao alumnado.**

****Recanto de enriquecemento curricular no caso de haber alumnado de altas capacidades de acordo ao plan de atención á diversidade do centro, cun banco de actividades substitutorias de todo aquilo que xa domine completamente, dotando ás aprendizaxes dun maior grao de afondamento, creatividade, extensión e interdisciplinidade.**

De ser necesario elaborar adaptacións curriculares, estas axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do curso. Procurarase o maior grao posible de inclusión na aula deste alumnado no caso de que se producira este suposto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Autonomía.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.			X	X				
ET.11 - Desenvolvemento sustentable.					X			
ET.12 - Educación para o consumo responsable.					X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Competencia dixital.	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X
ET.5 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X
ET.7 - Autonomía.	X

	UD 9
ET.8 - Emprendemento.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	
ET.11 - Desenvolvemento sustentable.	
ET.12 - Educación para o consumo responsable.	

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito no labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente. Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. As materias lingüísticas serán un espazo ideal para que, de xeito globalizado, se traballen todos estes aspectos mesturados cos propios de cada área. Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, elementos como o desenvolvemento sustentable ou a educación para o consumo responsable, serán abordados en certas unidades didácticas concretas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xogade.	Xogos Galegos deportivos en Idade Escolar.	X	X	X
Regueifas Escolares.	Desenvolvemento da tradición oral galega a través de actividades relacionadas coa música..	X		
Picasso protagonista. Viñetas no cómic español contemporáneo.	Análise da pegada deste artista a través de corenta importantes autorías do cómic español.	X		
Plan Director: Prevención de delitos sexuais. Violencia sobre a muller.	Para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e a súa contorna.		X	
Museos Científicos Coruñeses.	Coñecemento dos tres museos interactivos para unha mellor comprensión do mundo no que vivimos.		X	
Help! Trouble in the jungle.	Teatro para a mellora da comprensión e da expresión oral en inglés.		X	
Hugo.	Teatro que traballa a empatía e o aprecio pola diversidade.		X	
Saída fin de curso.	Pendente por confirmar o lugar.			X

Observacións:

As actividades complementarias propostas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta motivador para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel 0: Non foi adecuada. Nivel 1: foi algo adecuada. Nivel 2: foi bastante adecuada. Nivel 3: foi adecuada.
Metodoloxía empregada
Nivel 0: Non foi adecuada. Nivel 1: foi algo adecuada. Nivel 2: foi bastante adecuada. Nivel 3: foi adecuada.
Medidas de atención á diversidade
Nivel 0: Non foron adecuadas. Nivel 1: foron algo adecuadas. Nivel 2: foron bastante adecuadas. Nivel 3: foron adecuadas.
Clima de traballo na aula
Nivel 0: Non foi adecuado. Nivel 1: foi algo adecuado. Nivel 2: foi bastante adecuado. Nivel 3: foi adecuado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Nivel 0: Non foi adecuada. Nivel 1: foi algo adecuada. Nivel 2: foi bastante adecuada. Nivel 3: foi adecuada.

Descrición:

O deseño da programación deberá ter en conta o currículo LOMLOE das materias do ámbito sociolingüístico, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha coordinación entre as dúas mestras do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta. A coordinación será tamén necesaria co resto do profesorado do nivel.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas das nosas áreas:

- Carácter instrumental das materias lingüísticas, con presenza nas demais áreas curriculares.
- Características propias das Ciencias Sociais, que as fan moi adecuadas para a realización de diversos tipos de investigación e traballos en parellas ou en equipo.
- Progresividade nas aprendizaxes e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- Grao de adquisición de competencias nas áreas.
- Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- Deseño claro de criterios de avaliación que perfilen con claridade os mínimos esixidos.
- Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando desconexións do proceso.
- Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías de carácter individual.

Estariamos ante un proceso axeitado se se conseguiu o seguinte:

- O nivel sinalado foi adecuado ás características do alumnado.
- Conseguíuse crear un conflito cognitivo a partir do estudo de ideas previas do alumnado favorecendo a aprendizaxe.
- Promoveuse a participación activa de todo ou da meirande parte do alumnado.

- Desenvolvéronse estratexias metodolóxicas para acadar competencias.
- Deseñáronse actividades de nivel adecuado, con obxectivos ben definidos, de interese para o alumnado, significativas, funcionais....
- Acadouse un clima de traballo axeitado na aula.
- Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas.
- Usáronse recursos variados, adecuados, suficientes e fontes diversas de información.
- Tívose en conta o traballo individual e o esforzo persoal de cada alumna e alumno.
- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
- Atendeuse axeitadamente á diversidade do alumnado.
- Fíxose tratamento individualizado cando foi necesario, atendendo á diversidade.
- Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas adecuadas para atender ao alumnado con neae.
- Prestouse atención aos elementos transversais. Atendeuse á igualdade entre os sexos, á convivencia, ao coidado do medio e da saúde,...
- Potenciáronse estratexias de animación á lectura.
- Potenciáronse estratexias, tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
- Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Déuselle importancia á avaliación continuada e reguladora e observouse o traballo na aula durante o proceso.
- Proporcionóuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros de forma que regule a súa aprendizaxe.
- Ofrecéronselle ao alumnado posibilidades de autoavaliación e coavaliación e amosáronselle os criterios de avaliación de xeito claro.
- Houbo implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
- Existiu coordinación entre o profesorado a nivel horizontal e vertical.
- Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

No comezo do curso realizarase o deseño curricular das áreas do ámbito sociolingüístico en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio. Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas. Deste xeito, poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico. No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar. Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso nas áreas, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en todas as áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso. As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados